



MARÍA CANOSA

ESCRITORA

“Se teño que elixir só un libro, ‘Cousas da vida’, por sintetizar en tan pouco espazo tanto sentimento”

M. Barallobre

P ¿Un sinónimo de Galicia?

R O sorriso dunha bágoa.

P ¿Que quería ser de pequena?

R Seguir sendo pequena.

P ¿Segue algún lema?

R Ningún en concreto, e nunca o mesmo. Sigo o meu instinto.

P ¿Un defecto?

R ¡Buf...! Ser demasiado ordenada, ou preocuparme en excêso.

P ¿A súa maior virtude?

R Prefiro que a busque alguén que me coñeza.

P ¿Unha película que lle gustara?

R *Mar adentro*, porque nela vin retratados os galegos.

P ¿E unha canción?

R Unha música, a de miña irmá ao piano.

P ¿Un libro?

R ¿Só un? Pois... *Cousas da vida*, de Castelao, por sintetizar en tan pouco espazo tanto sentimento.

P ¿Un lugar?



María Canosa Blanco

Naceu en Cee en 1978 e

é licenciada en Enxeñería de Camións, Canais e Portos

Participou en varios volumes

poéticos e publicou diversas obras narrativas, a última delas *Faíscas* (Galaxia), de relatos

Colabora como articulista

no xornal *La Voz de Galicia*

R Sempre preto do mar. A Costa da Morte, sen dúbida, a miña costa.

P ¿A súa comida favorita?

R ¡Moitas! Comecemos polo primeiro prato: ¡marisco!

P ¿Un personaxe galego?

R Castelao.

P ¿Unha meta?

R Poder sorrir a maior parte do tempo.